

INFORMACIÓN TURÍSTICA DO CONCELLO DE CARBALLO

CARBALLO

PORTA DA COSTA DA MORTE



[SITUACIÓN XEOGRÁFICA]

O CORAZÓN DE BERGANTIÑOS

O CONCELLO DE CARBALLO É A CAPITAL DA COMARCA GALEGA DE BERGANTIÑOS, UNHA FERMOUSA TERRA BAÑADA POLO OCÉANO ATLÁNTICO. ESTA E OUTRAS COMARCAS LITORAIS CONFIGURAN A INCOMPARABLE COSTA DA MORTE, A REXIÓN COSTEIRA MÁIS OCCIDENTAL DE EUROPA.



A vila de Carballo sitúase no interior dun triángulo que ten como vértices as cidades da Coruña, Santiago de Compostela, e o cabo Fisterra, tres dos lugares máis emblemáticos da comunidade galega.

COMO CHEGAR

Para visitar Carballo desde fóra de Galicia, o máis práctico é chegar primeiro até A Coruña (aeroporto de Alvedro) ou até Santiago (aeroporto de

Lavacolla) e despois achegarse por autoestrada ou por estrada.

Dende A Coruña parten até Carballo a comarcal AC-552 e a autoestrada AP-55 (accesible dende a nacional A-6). Saíndo dende Santiago pódese chegar pola estrada AC-545 até Portomouro e continuar pola C-1914 até Carballo. Para quen prefira o autobús, existen rutas regulares entre Carballo, A Coruña e Santiago.



□ PANORÁMICA DE RAZO-BALDAIO

[LUGARES DE INTERESE]

RAZO-BALDAIO, PARAÍSO NATURAL

O ESPAZO NATURAL DE RAZO-BALDAIO É SEN DÚBIDA O PUNTO DE MAIOR INTERESE PAISAXÍSTICO E ECOLÓXICO DO CONCELLO DE CARBALLO E, POLO TANTO, O MÁIS VISITADO. O COMPLEXO DE BALDAIO É UN GRANDE ESPAZO LITORAL QUE XURDIU A PARTIR DUN ENTRANTE COSTEIRO QUE TERMINOU PECHÁNDOSE CUNHA GRAN BARRA DE AREA.

Na actualidade diferéncianse catro medios naturais ou ecosistemas: Unha barra de area con dunas ao longo da praia, que separa a lagoa do mar. A lagoa litoral propiamente

te dita, cunha canle que permite o intercambio das mareas. Unha marisma atravesada por unha gran cantidade de canles que desembocan na lagoa. Unha xunqueira no oeste desenvolvida sobre unha chaira areosa e á que non chega a influencia das mareas.



□ DUNA DO AREAL

Unha das actividades máis agradables que se poden realizar doadamente é a observación de aves. O mellor sitio para facelo está na zona situada entre a marisma e a lagoa. Entre a rica avifauna de Baldaio o grupo máis numeroso e máis fácil de ver é o das limícolas:

mazaricos, agullas, biluricos, píllaras, pilros, pilrños, etc.

Formando parte deste marabilloso complexo está a praia de Razo, un dos areais máis extensos e fermosos de Galicia. Tanto Razo como Baldaio reciben cada ano a Bandeira Azul, polos seus modernos servizos, as súas excelentes augas, ou polo seu experimentado servizo de salvamento e socorrista.



▣ DETALLE DA PRAIA FÓSIL DE RAZO

ROTEIRO DAS FÉRVEDAS

Saíndo do núcleo de Carballo en dirección sur e despois de superar o val do río de Bergantiños (Anllóns) e o do seu afluente Rosende, adentrámonos de cheo nun dos accidentes xeográficos máis importantes de Galicia: A depresión Meridiana.

Esta fondeira percorre de norte a sur Galicia e por ela pasaron antigas vías de comunicación romanas. En Carballo a faia que forma esta depresión divide as parroquias de Rus e Entrecruces en dúas partes, as denominadas "Alta" e "Baixa". Pero o máis significativo desta faia é que forma dous saltos



Fotografía: Manuel Barral

▣ FERVENZA DE SAN PAIO

de auga de gran fermosura, a Férveda de Rus no rego da Férveda e a máis importante, a denominada Férveda de Entrecruces na que o río Outón ten que salvar uns 50 m de desnível.

Grazas a este roteiro podemos contemplar importantes paraxes a nivel ambiental, como as anteriormente faladas, nas parroquias carballesas de Ardaña, Rus e Entrecruces, pero tamén percorremos patrimonio natural como as igrexas destas citadas parroquias, destacando sobremaneira a barroca de Sta María de Rus (a máis importante do concello a nivel artístico). O patrimonio amplíase cuns importantes restos castrexos e tamén cunha representación da cultura medieval palaciega, o pazo de Casaldeperros. Todo isto tendo como sendas, antigas corredoiras que en moitos casos son chamados polos habitantes do lugar "Camiños reais" o que nos dá a idea da antigüidade das vías, que mostran en moito do seu percorrido a vexetación autóctona típica de Galicia.

En colaboración coa Asociación Ambiental Senda Nova.

MAPA DO CONCELLO DE CARBALLO





□ BOSQUE DO ANÓN

[O RÍO ANLLÓNS]

FONTE DE VIDA

O RÍO ANLLÓNS DISCORRE LENTAMENTE DE LESTE A OESTE, POLO CORAZÓN DO CONCELLO DE CARBALLO, CONFORMANDO UN VAL DOMINADO POLA HORIZONTALIDADE E A HARMONÍA PROPIAS DUNHA GRAN CHAIRA.



□ MUIÑO DA CHEDA

As terras de labor esténdense polas súas suaves vertentes até o mesmo curso do río, deixando en ambas as marxes unha estreita franxa ocupada polo bosque da ribeira, no que conviven ameneiros, salgueiros, freixos e carballos.

As xentes de Carballo están moi vencelladas ao seu río. Non hai que esquecer que o Anllóns foi sempre un río moi troiteiro no que tamén, até hai non moitos anos, abundaban o salmón e o reo. Ademais da estendida afección á pesca, os carballeses e carballesas atoparon nas súas beiras o lugar perfecto de lecer e repouso.



□ PARQUE DO SAN MARTIÑO

A paraxe máis frecuentada é o Bosque do Añón. Neste espazo, moi próximo ao barrio carballedés da Lagoa, o bosque de ribeira mestúrase cos carballos e o chan cóbrese de herba para crear un ambiente indescribible de sombra e frescor. Antes de que se entendedera a praia como lugar de entretemento, era habitual pasar as tardes de verán no bosque e mergullarse no río. Á sombra das súas centenarias árbores celébrase tradicionalmente unha concorrida romaría durante as festas patronais de San Xoán.

Na parroquia de Bértoa e á beira deste magnífico río quedan aínda dous pequenos bosques de ameñeiros. Un rodea o muíño da Cheda e o outro o refuxio de Queo. Durante a primavera e o verán renacen as flores e os visitantes acoden buscando sombra e sosego. Praceres moi parecidos tamén se poden atopar ao pasear polos parques urbanos do Anllóns

e do San Martiño.

Non se debe deixar de visitar a impresionante paraxe de Verdes, no veciño Concello de Coristanco, ou a desembocadura no Atlántico do propio río Anllóns entre os concellos de Ponteceso e Cabana de Bergantiños.



□ REFUXIO DE VERDES



□ PONTE LUBIÁNS

[PATRIMONIO]

UN RICO PATRIMONIO ARTÍSTICO

CARBALLO CONTA CUN INTERESANTE E VARIADO PATRIMONIO ARTÍSTICO NO QUE ABUNDAN VESTIXIOS DE TODAS AS ÉPOCAS HISTÓRICAS.

Xa desde a época megalítica consérvanse numerosos exemplos, como o dolmen da Pedra Moura, situado en Aldemunde.

A cuantiosa cultura castrexa deixou, cando menos, un castro en cada parroquia. Cabe destacar, polas súas privilexiadas vistas, o de Castrillón (Lema), cristianizado máis tarde coa capela de Santa Eirene.

Da arte románica destacamos o presbiterio da capela de Lema, as ménsulas da sancristía de Noicela e as columnas da capela maior de Sísamo. O gótico está representado pola bóveda da ermida de San Paio (Entrecruces).

Xa da Idade Moderna podemos visitar a ponte Lubiáns, obra do s. XVII, sucesora doutras que, no mesmo lugar, permitiron dende tempos dos romanos, o paso do camiño de Brigantia a Fisterra.



□ BÓVEDA DA ERMIDA DE SAN PAIO

Na arte relixiosa, sobresa a igrexa de Rus (s. XVII e XVIII). De traza barroca, amosa na súa fachada o neoclasicismo de cando foi rematada (s. XIX), dirixida por Tomás del Río, quen tamén interveu na catedral de Santiago. A escultura que atesoura esta igrexa está en consonancia coa súa grandiosidade. Destacamos a imaxe da Asunción, atribuída a Rodeiro, e a imponente cruz parroquial de prata, dun metro de altura.

Interesantes son tamén as igrexas de Entrecruces (s. XVIII) con retablos barrocos, e a de Sofán (s. XVII e fachada do XIX), esta última cun Cristo obra de Ferreiro. Na de Oza temos o mellor retablo barroco da zona, cun San Breixo na fachada e outro no alto do retablo. Da de Ardaña destacan os retablos barrocos e unha excelente escultura da Asunción. A igrexa de Sísamo (s. XVIII), presenta unha fachada do s. XIX e sobresaen no seu retablo barroco dous Santiagos, un matamouros e outros vestidos de peregrino.

Do s. XX son as igrexas de Berdillo, que conserva retablos barrocos; a de Razo, coas imaxes de San Xoán Bautista e un San Martiño da escola compostelá; e a igrexa de Bértoa, que garda un Cristo gótico e unha cruz procesional do s. XVIII.

A fartura destas terras propiciou a construción dunha serie de grandes vivendas, chamadas pazos, en



□ IGREXA DE RUS

case todas as parroquias carballezas. Sobresaen o pazo de Vilardefrancos e As Pallas (Artes), o do Souto (Sísamo), Viña e Louride (Rus), Gontade (Ardaña), Pazos (Entrecruces) e o de Cambrelle (Razo).

Da arquitectura civil destacamos o edificio que no s. XIX estaba destinado a cárcere, e que hoxe alberga o Museo de Bergantiños.

Da denominada arquitectura popular o Concello de Carballo dispón dunha variada mostra, entre a que sobresaen:

Os cruceiros de Sofán (1660), Ardaña (1797), Carballo (1811) e Rus (1866).

Os petos de ánimas da Brea, Oza (que preside Santo Antón) e Cances da Vila.

Os hórreos ou cabazos da Brea, Serantes do Medio (Oza), e o do Rodo.

Os muíños hidráulicos son tamén moi abundantes. Pola súa grandiosidade destacan o da Cheda, o do Quinto e o da Ponte Rosende.



□ DOLMEN DE PEDRA MOURA

[HISTORIA]

UNHA HISTORIA MILENARIA

OS PRIMEIROS TESTEMUÑOS DA HISTORIA DO NOSO CONCELLO REMÍTTENNOS AO PALEOLÍTICO, REPRESENTADO POR UNHA PEDRA BIFACE DO PERÍODO HACHELENSE, ATOPADA EN BALDAIO. DO MEGALITISMO CONSÉRVASE O SINGULAR DOLMEN DE PEDRA MOURA EN ALDEMUUNDE.

Do período castrexo hai catalogados no termo municipal de Carballo un total de 22 castros, seguramente contemporáneos da tribo celta dos brigantinos, quen deron nome á comarca de Bergantiños.

A presenza romana vai unida á antiga vía per loca marítima, que probablemente pasaba pola antiga ponte romana, a actual ponte Lubiáns. Reflexo desta presenza son tamén os restos dunha vila termal atopados no s. XVIII. No 1716 redescóbrese as famosas e saudables augas termais das que se abastece o actual balneario dos Baños Vellos.



□ CARBALLO, ANOS 30

En 1418 a incipiente parroquia de Carballo pasa a depender do influente mosteiro beneditino de Soandres. No ano 1836 constitúese oficialmente o Concello de Carballo, formado polas actuais 18 parroquias.

O Concello de Carballo, con máis de 30.000 habitantes, é un dos maiores, non só da provincia da Coruña, senón tamén de Galicia. Conta cunha importante industria, un bo tecido comercial e unha importante feira. A vila de Carballo é, pola súa vez, capital do Concello e da comarca de Bergantiños.

A VILA QUE XURDIU DAS AUGAS

As casetas e hospedaría que se levantaron inicialmente nas proximidades do manancial pronto darían paso á construción do novo balneario, en 1851. Este edificio, xunto coa Casa da Condesa, a capela da Estrela e unha gran zona axardinada nos arredores, configurarían o novo asentamento ao norte do río Anllóns, que dará orixe á vila carballesa.

Na próspera década de 1920, unha ilustrada burguesía –representada no seu rexedor, Guillermo Peinador– deseñará un harmonioso ensanche, que transformará substancialmente a vila. Esta etapa de progreso continuará durante a II República cos alcaldes Paco Bolón e Xosé Monteagudo.



□ BALNEARIO DOS BAÑOS VELLOSO

Tras o súpeto enriquecemento provocado pola "febre do volframio", durante a II Guerra Mundial, chegamos á puxante vila actual, que goza dun momento de expansión. Un polígono industrial en crecemento e un dinámico comercio fan de Carballo o principal centro de comunicacións e servizos da comarca de Bergantiños. O trazado do Paseo Fluvial, onde se sitúa o Pazo da Cultura, as piscinas municipais ou a reconversión do antigo cárcere en Biblioteca e Museo Comarcal, configuran o Carballo actual e do futuro inmediato.



□ PASEO ANLLÓNS. PAZO DA CULTURA

[A FEIRA]

O CARBALLO TRADICIONAL

PARA COÑECER O CARBALLO TRADICIONAL, NADA MÁIS SINXELO QUE ACUDIR CADA XOVES E DOMINGO (SEGUNDOS, CUARTOS E QUINTOS DOMINGOS DE MES) Á FEIRA.



□ FEIRA DE CARBALLO

Herdeira das antigas feiras de Rus e Berdillo, a feira de Carballo é o lugar idóneo para quen queira facerse cos produtos máis naturais que producen as fecundas terras de Bergantiños. Aquí un pode proverse do saboroso pan de Carballo, das cebolas, allos, repolo e nabizas, patacas e outros produtos frescos extraídos da terra e listos para que sexan aproveitados con todo o seu sabor.

Numerosos establecementos hostaleiros tamén ofrecen a posibilidade de degustar estes apetitosos produtos, elaborados en forma de pratos tan tradicionais coma o caldo galego, o lacón con grelos, os callos, a empanada, etc.



□ PAN ARTESÁN DE CARBALLO

A receita tradicional para elaborar o incomparable pan de Carballo di que o trigo debía ser transformado en fariña nos muíños da Cheda, da Ponte Rosende ou o do Quinto, amasar esta coa auga do Anllóns e cocer a masa resultante nos antigos fornos de pedra.

Gozar do pan de trigo, de millo, mesto, de centeo, as empanadas, as roscas de pan de ovo ou o biscoito, acompañados dunha boa onza de chocolate de Mariño é un pracer inesquecible que o visitante non debe deixar de probar.

[O PAN]

SABOR SECULAR

NO S. XVI XA SE DICÍA QUE TODOS OS VECIÑOS DE CARBALLO LABRABAN O PAN, NO S. XVIII ERAN IMPORTANTES AS FEIRAS DE SANTA MARÍA DE RUS E AS DE BERDILLO E SAN XURXO DE ARTES POLA COMERCIALIZACIÓN DO "PAN COCIDO".



[TEMPO LIBRE]

OCIO, DEPORTE, CULTURA...

SON MOITAS AS ACTIVIDADES QUE SE PODEN REALIZAR NO NOSO CONCELLO. ESTAS SON ALGUNHAS DAS MÁIS ATRACTIVAS.



SURF

O litoral de Carballo, a praia de Razo-Baldaio, amósase como un contorno privilexiado en Galicia para a práctica do surf. Para coñecer a fondo este deporte ou acudir a cursos e campamentos existe información actualizada nos webs: www.surfandrock.com e www.razosurfcamp.com



MERGULLO

Nas costas de Bergantiños agáchase mergullado todo un mundo de sensacións inesquecibles para aqueles visitantes que se acheguen na busca de aventuras.

Para atopar tesouros perdidos, nada mellor que mergullarse no web www.buceogalicia.com.



GOLF

As instalacións de Golpe Pitch&Putt contan cun magnífico campo de golf de seis buratos, un putting green con nove e un campo de prácticas. Existen cursos de iniciación e outras actividades como tiro con arco, astronomía, rutas ornitolóxicas e degustacións gastronómicas.



RUTAS 4x4

Estas rutas ofrecen unha oportunidade única para descubrir a increíble riqueza paisaxística do Concello de Carballo. No web especializado, www.4x4costadamorte.com organízanse rutas para clubs de 4x4 e para visitantes con todoterreo propio.



CARBALLO
MOVIDA SEGURA



A NOITE DE CARBALLO

A variedade de locais, cos seus distintos ambientes e estilos, fai de Carballo un destino ineludible para os amantes da movida nocturna. A súa oferta de concertos ou actuacións e a diversidade de espectáculos culturais ou artísticos son un referente para todos os municipios veciños.



[COMER]

EXCELENCIAS DA GASTRONOMÍA

EXQUISITOS PRODUTOS DO MAR E DA TERRA,
COCIÑA TÍPICA OU TRADICIONAL DEIXARÁN AO/Á
VISITANTE CUN SABOR DE BOCA INESQUECIBLE.



■ RESTAURANTES NO CENTRO URBANO

Río Sil Río Sil, 43
Seral Ctra. de Razo
Mesón do Pulpo
 Avda. Finisterre, 23
Xabarín
 Vázquez de parga, 20
Bergantiños
 Camiño Novo, 4
Palacio de Oriente
 Avda. Finisterre, 24
Hórreo Gran Vía, 163
Oasis Fomento
Casa Collazo
 Compostela, 10
Rincón de Elías
 Gran Vía, 26
O Pescador Gran Vía, 46
Mediterráneo Fomento
La Estancia Reus, 1
Asador Pedra Furada
 Calle Mirtos
Raxería A Piscina
 Vila de Corcubión, 60
Casa Klandestino
 Ponte da Pedra, 18

■ FÓRA DO CENTRO URBANO

Parrillada As Saíñas
 Saíñas 21, Pedra do Sal
Punta del Este
 Avda. Malpica, 125
Sendero
 Avda. Revolta, 104
Parrillada Buenos Aires
 A Revolta, 114
Parrillada Palenque
 Avda. Bértoa, s/n
Parrillada A Lareira
 Ctra de Razo, Km. 18

Parrillada Olga
 Avda. Revolta, 30
Parrillada O Criollo
 Avda. Revolta, 75
O Cruceiro
 Nétoma, 33 - Razo
San Lorenzo
 Garrida, 8 - Berdillo
A Fronteira
 Casas Novas, Sofán
Rest. Pedra do Sal
 Praia de Baldaio, 95
Casa Pombo A Rega, 2
Címa A Rega, 107
O Cordobés Praia de Razo
Xoty Praia de Razo
Náutico Praia de Razo
Rest. Ola de Oro
 Rebordelos, 314
Rest. As Eiroas
 Políg. Ind. Bértoa, 4
D'Mar Polígono Ind. Bértoa

■ COMIDA RÁPIDA

Sinagoga
 Pza. Concello, s/n
 Desiderio Varela, 9
 Vázquez de Parga, 41
Telepizza
 Luís Calvo, 29- 31
Pizza Tutto
 Centro Comercial
 Bergantiños - Local 2
Pizzería El Padrino
 Ourense, 9
Pizza Móvil Fomento, 55
Pizzería Vesubio
 Ponte da Pedra, 24
Pizzería Candombe
 Vázquez de Parga, 42
Bocatería Pizzería Okey
 Doutor Fleming, 55
Cafetería Brisa Estrela, 22

■ TAPAS E RACIÓNS

O Aturuxo Muíño
Mesón A Tella Anllóns
Tasca A Pedra Hórreo
Bar Bastián Compostela, 5
Embajador Río Sil
Pazo da Cultura
 Rúa do Pan s/n
Cervecería Abadía
 Centro Comercial
 Bergantiños local 25
Cervecería San Juan
 Ourense
A Cabaña Valle Inclán
O Rey das tapas Estrela
O Mexillón Coruña
Tasca O Cabanote
 Avda. Ponte da Pedra
Tasca O Pincho
 Laracha, 15-17
Tasca Nabo de Lugo
 Xúpiter, 2
Tasca O Candil
 Vázquez de Parga, 130
Tasca O Chiringuito
 Vicente Risco, 2
Pulpeira Río Miño
 Río Miño
Mesón O Galego
 Ramón Cabanillas, 5
Mesón As Viandas
 Fomento, 4
Tasca O Lagarto
 Doutor Fleming
Mesón O Pirata
 Avda. de Razo, 29
Maní Café Vinoteca
 Luís Calvo
Cervecería Dublín
 Fomento, 25
Ánfora Luís Calvo, 16-18
Cervecería Internacional
 Vila de Órdenes, 4



[ALOXAMENTO]

PARA TODOS OS PETOS

HOTEIS, BALNEARIO, HOSTAIS, CASAS RURAIS, CÁMPINGS...

Punta del Este - Hotel ***

Avda. Malpica, 125 - Carballo
T 981704280
reservas@hotelpuntadeleste.com

Baños Vellos Hotel-Balneario **

Estrela, 10 - Carballo
T 981703354
info@balnariocarballo.com

Moncarsol - Hotel **

Avda. Fisterra, 9 - Carballo
T 981702411 / 90

Rama - Hostel **

Avda. Finisterre, 17 - Carballo
T 981702056 / 609002924

Río Sil - Hostel **

Río Sil, 43 - Carballo T 981700478
info@hostalriosil.com

Casas de Oza - Apartamentos turísticos

Ctra. de Razo, Km. 3 - Oza
T 639 300 548
www.apartamentosoza.com

Pazo do Souto - Turismo Rural

Torre, 1 - Sísamo T 981756065
reservas@pazodosouto.com

Casa de Entremuros Turismo Rural

Cances Grande, 77 - Cances
T 981757099

www.casaentremuros.com

Hotel Rústico Mar de Queo**

Turismo Rural

Queo de Abaixo, 46 - Bértoa
T 981757361

www.mardequeo.com

As Maroas - Turismo Rural

A Piña-Sofán T 696 735 703
reservas@pazodosouto.com

As Névedas - Camping 3ª

Ctra. Carballo-Caión Km. 8.5,
Rapadoiro

T 981739552 www.asnevedas.com

Baldaio - Camping 2ª

Rebordelos, 314 T 981739529

Os Delfins - Camping 2ª

Pedra do Sal - Baldaio
T 981739696

www.osdelfins.com

[FESTAS LOCAIS]

Todas as parroquias do Concello celebran as súas festas patronais durante o verán. As máis importantes son as de San Xoán (semana do 24 de xuño) que se celebran na vila de Carballo.



PARA MÁIS INFORMACIÓN

Oficina de Turismo 981702077

Información Xeral 981704100 **Policía Local** 981701722 OU 092

infocarballo@carballo.org **www.carballo.org**

CONTIDOS Instituto de Estudos Bergantiñáns

COORDINACIÓN Concellaría de Turismo, Medio Ambiente e Xuventude

ASESORAMENTO LINGÜÍSTICO Nel Vidal Barral / Servizo de Normalización Lingüística do Concello de Carballo

IMPRIME Imprenta da Deputación Provincial **DESEÑO E MAQUETACIÓN** Gende Estudio / www.gendestudio.com

Permitida a reprodución parcial citando as fontes.



CARBALLO

PORTA DA COSTA DA MORTE

CARBALLO ESTÁ SITUADO A 20 MINUTOS DA CORUÑA, A 35 DE SANTIAGO DE COMPOSTELA E A UNHA HORA DE FISTERRA, E DESTÁCASE COMO O PUNTO DE PARTIDA IDEAL PARA COÑECER ESTAS ZONAS

